

A literatura no Proxecto Galicia

Por Anxo Tarrío

O chamado Proxecto Galicia, auspiciado por Hércules Edicións, xa está a publicar os seus volumes de literatura. O catedrático de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, Anxo Tarrío, director dalgúns dos volumes, describe os contidos da parte dedicada á literatura.

- 07:07 27/02/2001

Acaba de saír dos prelos de Hércules de Edicións o segundo volume da serie dedicada a Literatura, que ven facer o XXXI do Proxecto Galicia iniciado pola devandita editorial hai xa algúns anos. Esta serie, dirixida polo profesor da [Universidade de Santiago](#) Darío Villanueva, está artellada en seis volumes, dos cales o primeiro, dedicado á literatura medieval e coordinado pola profesora da mesma Universidade Mercedes Brea viu a luz no ano 2000. Os catro seguintes, que acollen o correspondente ao que a historiografía literaria denomina Séculos escuros e toda a literatura galega contemporánea ata o final do século XX, foron coordinados por Anxo Tarrío Varela e estarán a disposición do público nun futuro inmediato, así como o sexto e derradeiro volume da serie (XXXVI do Proxecto Galicia), que, coordinado por José Manuel González Herrán, inclúe a literatura elaborada por galegos de nación pero de expresión castelá.

O tomo recén saído incorpora traballos de Domingo Blanco e José Manuel Souto sobre aspectos da literatura de transmisión oral e culta dos séculos escuros e capítulos referidos a todo o producido durante o século XIX nos diferentes xéneros literarios, con traballos de Xosé M^a Dobarro, M^a do Carme Ríos Panisse, Manuel Forcadela, Anxo Abuín, Euloxio Ruibal, Anxo Tarrío e Modesto Hermida, quen, á parte de estudar a prosa narrativa, fai un percorrido polas institucións e a prensa na emigración americana.

Polo que respecta ao resto da literatura contemporánea, é dicir, a correspondente a todo o século XX, e tendo en conta que facía falta unha historia da literatura que, sen deixar de atender a aspectos positivistas e historicistas, empezase a incluír aqueles elementos que as modernas metodoloxías sistémicas recoñecen como axentes activos e decisivos na formación de calquera sistema literario, articulouse en tres volumes dispostos do seguinte xeito: o volume terceiro analiza o período agrarista (1906-1916) baixo a responsabilidade de Ramón Nicolás, e toda a Época Nós (1916-1936), para a que se convocaron nomes como os de Arturo Casas (poesía), Joaquim Ventura (narrativa), Anxo Abuín e Euloxio Ruibal (teatro), Isabel Soto (ensaio e crítica), Marcos Valcárcel (prensa, institucións) e Xosé Luís Axeitos (cultura na emigración).

Os volumes cuarto e quinto abranguen todo o período comprendido entre 1936 ata a final do século e articúlanse, se disimulamos a singularidade da literatura producida durante a Guerra Civil (Claudio Rodríguez Fer), atendendo a un criterio que cruza elementos xenolóxicos e xeracionais. Así, no cuarto volume, á parte do traballo de Rodríguez Fer, atopará o lector traballos de Román Raña Lama, Xosé Manuel Dasilva, Iris

Cochón e Chus Nogueira, sobre a poesía das diferentes xeracións operantes en tan longo período, sen esquecer un breve capítulo sobre poesía visual, que redactou Xosé M^a González Xil. Así mesmo, inclúese neste cuarto volume un amplo informe sobre teatro a cargo de Laura Tato.

No volume quinto reuníronse traballos sobre narrativa do período (Gonzalo Navaza, Camino Noia, Silvia Gaspar, Teresa Seara e Teresa Bermúdez), ensaio e crítica (Isabel Soto), Prensa, industria editorial, institucións, etc. (Marcos Valcárcel), emigración e exilio (Xosé Luís Axeitos), literatura infantil e xuvenil (Blanca-Ana Roig) e traducción (Xosé Manuel Dasilva).

En conxunto, estamos diante dunha Historia completa da literatura galega que pode ser, definitivamente, unha base sólida e abondo exhaustiva sobre para comezar a aplicar dun xeito seguro os paradigmas de observación emerxentes durante a final do século XX.

Coord. Darío Villanueva

Serie **Galia. Literatura.**

A Coruña: Hércules Edicións, 2000 --.

ISBN 84-89468-65-6